

PROTOCOLO PARA O DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS DE ACCESO TELEMÁTICO NA ESPECIALIDADE DE DIRECCIÓN ESCÉNICA E DRAMATURXIA | CURSO 2020/21

Debido á situación sanitaria creada pola COVID-19, as probas de acceso da Especialidade de Dirección escénica e dramaturxia da ESADg realizaranse este ano de forma telemática, mediante o servizo de videoconferencia indicado pola Xunta de Galicia. O/A candidato/a dará na gravación o seu consentimento verbal para poder gardar rexistro da proba na plataforma *Cisco Webex Meetings* (pasado o tempo de reclamacións das probas procederase a eliminar a gravación).

Con antelación, desde a ESADg contactarase con cada aspirante para comprobar se conta cos medios necesarios para participar nas probas de forma telemática. De ser imposible nalgún caso a realización desa conexión, a ESADg habilitará os medios oportunos para que esa/s persoa/s realice/n as probas de acceso con idénticas garantías, similares procedementos e de modo simultáneo ás probas da modalidade telemática.

PROCEDEMENTO DAS PROBAS DE ACCESO

Para poder levar a cabo as probas telemáticas coas debidas garantías, o tribunal enviará a cada aspirante un enlace persoal e intransferible á sesión de probas de acceso por videoconferencia. O día das probas, ao comezo da sesión (ás 9:00 h.), comezará a videoconferencia entre as persoas aspirantes e o tribunal. As aspirantes deberán acreditar a súa identidade, mostrando á cámara o seu DNI. O tribunal, entón, explicará como se desenvolverán o conxunto das probas e enviará a cada aspirante un correo electrónico coas instrucións oportunas para a realización dos Exercicios 1, 2 e 3. Ademais, indicaráselle a cadaquén o horario de realización do seu Exercicio 4, que durará entre 30 e 45 minutos e que terá lugar ese mesmo día entre as 15:00 h. e as 21:00 h.

Antes do comezo da primeira proba, cada aspirante poderá imprimir, se así o desexa, os documentos enviados polo tribunal. Poderá tamén formular as dúbidas ou cuestións que estime oportunas. A continuación, ás 9:30 h. comezará o tempo de realización das probas.

Ás persoas aspirantes solicitaráselles que, durante a realización dos tres primeiros exercicios, estean conectadas en todo momento. E, tamén, recordaráselles que todas as probas serán gravadas, para que quede soporte documental dos exercicios realizados.

Ao rematar o horario previsto para as tres primeiras probas (ás 13:15 h.), cada aspirante deberá enviar por correo electrónico, e antes das 13:30 h., os documentos xerados para os Exercicios 1, 2 e 3. O enderezo de envío será o seguinte: diredram@gmail.com. Unha vez recibido cada correo, o tribunal confirmará a súa recepción a cada aspirante e a sesión matinal das probas finalizará.

Para o último exercicio, en horario vespertino, cada aspirante deberá acceder con puntualidade á videoconferencia individual co tribunal. Nese momento, cada aspirante lerá os tres exercicios realizados na sesión matinal e procederase logo a unha entrevista persoal. Con ela rematarán as probas para cada aspirante.